

## Concello de Covelo

---

### **BASES PROXECTO DINAMIZACIÓN MOSTRA E IMPULSO DE INICIATIVAS DO CONCELLO DE COVELO 2020**

#### **1.- OBXECTO**

Trátase de facer unha mostra de **productos primarios de proximidade e das diferentes iniciativas rurais que se desenvolvan no concello**. Inicialmente planificaránse catro mostras os primeiros venres dos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para que se **poidan mostrar e vender exclusivamente os productos de temporada, proximidade, kilómetro 0 ou manufactura local**. Coa situación de alarma sanitaria cancelouse a mostra de xuño e comezamos en xullo. Valoraremos mes a mes a situación sanitaria do país para realizar as seguintes mostras.

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes nas MOSTRAS DE INICIATIVAS DO CONCELLO DE COVELO 2020.

#### **2.- REQUISITOS PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar as asociacións rexistradas e con domicilio no Concello de Covelo, persoas empadroadas no Concello de Covelo e empresas con domicilio da actividade no Concello de Covelo que poidan **mostrar e vender exclusivamente os productos de temporada, proximidade, kilómetro 0 ou manufactura local**.

No caso de que non se completen as prazas poderán acceder asociacións, empresas e persoas doutros concellos.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

#### **3.- PARTICIPANTES**

Establécese un número mínimo de 4 persoas/postos máximo de 15 persoas/postos participantes seleccionados por orde rigorosa de inscrición .

#### **4.- TEMPORALIZACIÓN**

Planificamos catro mostras nas seguintes datas pero podemos ter variacións dependendo das instrucións das autoridades competentes.

Venres 3 de xullo 2020.

Venres 7 de agosto 2020.

Venres 4 de setembro 2020.

Venres 2 de outubro 2020.

Realizarase en horario de 10.00-14.00 horas



## Concello de Covelo

---

### 5.- ACTIVIDADES

A actividade das mostras será a exposición e venda de **exclusivamente os produtos de temporada, proximidade, kilómetro 0 ou manufactura local.**

Realizaranse actividades paralelas as mostras que se organizarán individualmente .

### 6.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

Empregarase unha metodoloxía activa e participativa na que se implicará a todas as persoas activas no movemento asociativo do Concello, empresa, persoal do Concello de Covelo, comunidade educativa e sanitaria.... Empregaremos unha metodoloxía aberta e flexible, adecuándose as persoas participantes e baseada no autoaprendizaxe e no traballo en equipo. Se trata de crear un clima de colaboración e cooperación cara a construción dunhas mostras prácticas, vistosas, visibles e viables. Creemos que é importante conseguir facer unha rede de traballo e que estas actividades sirvan para captar a atención e implicar a poboación.

As persoas que desexen máis información sobre as mostras e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto coa educadora familiar no teléfono: 986 650 027 Ext.3

### 7. FORMA E PRAZO DE INSCRIPCIÓN

As solicitudes para a participación nas mostras, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (ANEXO I) presentaranse no Rexistro de Servizos sociais do Concello de Covelo.

Deberá sinalar para que mostra solicita a participación e ir acompañadas, inescusablemente da seguinte documentación:

Persoas físicas que desexen venda directa de produtos primarios:

- DNI das persoas participantes
- Inscripción no rexistro de explotacións agrarias de Galicia
- Volante de empadronamento

Persoas físicas que desexen a exposición de produtos de manufactura local:

- DNI das persoas participantes
- Volante de empadronamento

Empresas que desexen mostrar os seus produtos:

- Ultimo recibo R.E.T.A
- Alta en facenda nos modelos 036-037

Asociacións:

- Rexistro no Concello de Covelo
- DNI das persoas participantes
- Inscripción no rexistro de explotacións agrarias de Galicia.

---

## Concello de Covelo



## Concello de Covelo

---

### 7.1. - Prazo de INSCRICIÓNS:

O prazo de inscricións será dendo o día 17 de xuño de 2020 ata 2 días laborais antes de cada mostra, día no que publicaremos as listas de persoas admitidas de cada mostrás.

Apertura do periodo de inscrición: mércores 17 de xullo 2020

#### **MOSTRA I Venres 3 de xullo 2020**

- Listas de admitidos: 30 de xuño 2020

#### **MOSTRA II Venres 7 de agosto 2020**

- Listas de admitidos: 4 de agosto 2020

#### **MOSTRA III Venres 4 de setembro 2020**

- Listas de admitidos: 1 de setembro 2020

#### **MOSTRA IV: Venres 2 outubro 2020.**

- Listas de admitidos: 29 de setembro 2020

O prazo de presentación de solicitudes poderá variar en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

Seguiremos as directrices das autoridades sanitarias competentes.

O non contemplado nestas bases regularase polos normas de dereito administrativo aplicables o efecto.

### 7.2- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Admitiranse as persoas participantes nas mostrás que cumpran os requisitos e aporten a documentación requerida por rigoroso orden de inscrición.

### 7.2- RESULTADO DA SELECCIÓN.

Os días 30 de xuño 2020, 4 de agosto 2020, 1 de setembro 2020, 29 de setembro 2020, publicarase no taboleiro de edictos municipais e na páxina web do Concello o listado correspondente de persoas admitidas.



## Concello de Covelo

---

### 8.- RECURSOS

#### RECURSOS HUMANOS:

Educadora Social do Concello, coordinadora do Proxecto

#### RECURSOS MATERIAIS

- Mesas
- Cadeiras
- Punto de electricidade

Alcalde-Presidente Concello de Covelo

Juan Pablo Castillo Amigo

(Sinatura electrónica)



## Concello de Covelo

### Anexo I: INSCRICIÓN MOSTRAS DE INICIATIVAS DO CONCELLO DE COVELO 2020

<b>SOLICITANTE</b>	
Nome:	Apelidos:
DNI:	Telf:
Enderezo:	
<b>SOLICITO PRAZA PARA...</b>	
MOSTRA I Venres 3 de xullo 2020	
MOSTRA II Venres 7 de agosto 2020	
MOSTRA III Venres 4 de setembro 2020	
MOSTRA IV: Venres 2 outubro 2020.	
<b>SOLICITO PRAZA PARA (explicación do que se expón ou vende)</b>	

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON: Para a difusión e memoria de actividades	SI	NON
<b>Documentación:</b>		
Persoas físicas que desexen venda directa de produtos primarios:		
<ul style="list-style-type: none"><li>• DNI das persoas participantes</li><li>• Inscripción no rexistro de explotacións agrarias de Galicia</li><li>• Volante de empadronamento</li></ul>		
Persoas físicas que desexen a exposición de produtos de manufactura local:		
<ul style="list-style-type: none"><li>• DNI das persoas participantes</li><li>• Volante de empadronamento</li></ul>		
Empresas que desexen mostrar os seus produtos:		
<ul style="list-style-type: none"><li>• Ultimo recibo R.E.T.A</li><li>• Alta en facenda nos modelos 036-037</li></ul>		
Asociacións:		
<ul style="list-style-type: none"><li>• Rexistro no Concello de Covelo</li></ul>		

Data:

Sinatura:

*De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade Formagal S.L. para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.*

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 (Pontevedra). Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131

